UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Políticas e liberdades | Código | 612847217 |
| Titulación | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuadrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Dereito PúblicoDereito Público Especial | | |
| Coordinación | Oanta , Gabriela Alexandra | Correo electrónico | gabriela.oanta@udc.es |
| Profesorado | Aymerich Cano, Carlos Ignacio<br>Mkrtichyan , Artak<br>Oanta , Gabriela Alexandra<br>Santos Pita, Manuela del Pilar<br>Sobrino Heredia, Jose Manuel | Correo electrónico | carlos.aymerich.cano@udc.es<br>a.mkrtichyan@udc.es<br>gabriela.oanta@udc.es<br>m.p.santos@udc.es<br>j.sobrino@udc.es |
| Web | www.masterue.com | | |
| Descrición xeral | Ao longo desta materia, unha vez introducidos no estudo das catro liberdades fundamentais do mercado interior, iranse estudando as principais accións e políticas da UE que vertebran a actuación destas en materias concretas que afectan os cidadáns europeos. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Que o alumno adquira e comprenda unha serie de coñecementos nos diferentes ámbitos xurídico-económicos determinados pola primacía do Dereito comunitario europeo. Especificamente, en materias como: dereito do consumo, dereito industrial, dereito da competencia, dereito de sociedades, réxime financeiro e tributario da Unión Europea, unión económica e monetaria, dereito comunitario do traballo e da seguridade social, transportes, telecomunicacións, espazo de liberdade, seguridade e xustiza. Materias, en fin, que lle acheguen unha base ou unha oportunidade de ser orixinal no desenvolvemento e/ou aplicación das ideas | | | |
| Que o alumno alcance unha comprensión sistemática dunha área de estudo e o dominio das habilidades e métodos de investigación relacionados coa devandita área | | | |
| Que o alumno sexa capaz, por un lado, de concibir, deseñar, poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con seriedade académica, así como, por outro lado, de contribuír a través dunha investigación orixinal que sexa merecedora da oportuna publicación referenciada a nivel nacional ou internacional | | BI4 | |
| Que sexa capaz, mediante a análise crítica, de avaliar e sintetizar ideas novas e complexas. | | BI3 | |
| Que sexa capaz de comunicar as súas conclusións aos seus colegas, á comunidade académica no seu conxunto e á sociedade en xeral | | BI5 | |
| Que empregue as técnicas de autoaprendizaxe de maneira que lle permitan fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance tecnolóxico, social ou cultural. | | BI6 | |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma | | | CI1 |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida | | | CI3 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común | | | CI4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse | | | CI6 |
| | | | CI7 |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade | | | CI8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| PARTE I: MERCADO INTERIOR<br>Tema 1. Libre circulación de persoas<br>Tema 2. Liberdade de establecemento e libre circulación de servizos<br>Tema 3. Libre circulación de mercadorías<br>Tema 4. Libre circulación de capitais<br>Tema 5. Normas sobre competencia<br><br>PARTE II: POLÍTICAS E ACCIÓNS COMUNITARIAS<br>Tema 6. Política agrícola común<br>Tema 7. Protección do medio ambiente<br>Tema 8. Saúde pública e seguridade alimentaria<br>Tema 9. Política Pesqueira Común<br>Tema 10. Sociedade da información<br>Tema 11. Educación e cultura<br>Tema 12. Turismo<br>Tema 13. Enerxía<br><br>PARTE III: ACCIÓN EXTERIOR<br>Tema 14. Acción exterior | |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Actividades iniciais | B3 | 1 | 0 | 1 |
| Presentación oral | B5 B6 C1 | 1 | 0.75 | 1.75 |
| Estudo de casos | B4 C6 | 5 | 3.75 | 8.75 |
| Sesión maxistral | C7 C8 | 30 | 45 | 75 |
| Proba obxectiva | B6 C3 | 1 | 3 | 4 |
| Aprendizaxe colaborativa | C4 | 3 | 0 | 3 |
| Traballos tutelados | B6 | 0 | 5 | 5 |
| Atención personalizada | | 1.5 | 0 | 1.5 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Actividades iniciais | Durante a primeira hora de clase, o Coordinador da Materia realizará unha presentación da estrutura da guía docente e da materia obxecto de estudo, do cronograma da Materia, así como das metodoloxías que se empregarán e o sistema de avaliación. |
| Presentación oral | Os alumnos terán que expor oralmente e entregar por escrito as respostas ás cuestións expostas polo profesor nun caso práctico. |

| | |
|---|---|
| Estudo de casos | Algúns profesores entregarán aos alumnos casos prácticos sobre temas tratados durante as sesións maxistrais, que serán debatidos durante as clases. Para iso, os alumnos terán que acudir a distintas fontes xurídicas do Ordenamento xurídico da Unión Europea, e, así mesmo, aprender a traballar en equipo. |
| Sesión maxistral | O profesor explicará aos alumnos  os aspectos máis relevantes dos temas incluídos, e facilitando en todo momento o diálogo cos alumnos, e tratando de ofrecer unha visión o máis práctica posible. |
| Proba obxectiva | Avaliación do alumno a través do exame da Parte Xeral, que terá lugar no mes de xaneiro. De todos os xeitos, na medida en que o profesor pida por escrito e devolva corrixidos os casos prácticos, tamén serán tidos en conta. A materia corresponderase cos contidos previamente traballados en clase. |
| Aprendizaxe colaborativa | Os alumnos terán a oportunidade de coñecer o contido e a estrutura da maior parte das materias optativas que poderán escoller para estudar na Parte especial, mediante a presentación das materias optativas realizada polos Coordinadores das mesmas. |
| Traballos tutelados | A posibilidade dos alumnos de escoller un tema estudado nesta Materia para elaborar o Traballo Fin de Máster, requisito imprescindible para a obtención do título oficial de Máster universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea pola Universidade da Coruña. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados<br>Aprendizaxe colaborativa<br>Estudo de casos<br>Presentación oral | Os alumnos recibirán orientacións dos profesores da Materia encargados dos estudos de casos prácticos, así como respostas ás consultas realizadas. E serán corrixidos os aspectos de forma e de fondo que se presenten durante a presentación oral dos mesmos.<br><br>As actividades académicas desenvolveranse de forma presencial tanto no áula de clase como durante as horas de tutoría.<br><br>Os profesores ofrecerán tutorización a aqueles alumnos que escollesen como tema para o Proxecto Fin de Máster cuestiones estudadas no marco desta Materia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | **Cualificación** |
| Traballos tutelados | B6 | Avaliarase o traballo individual ou en grupo realizado polos alumnos seguindo as orientacións e indicacións realizadas polo profesor. | 10 |
| Proba obxectiva | B6 C3 | Consistirá nun exame escrito que terá lugar ao finalizarse as clases da Parte Xeral do programa. | 70 |
| Sesión maxistral | C7 C8 | Avaliaranse: a asistencia a clase; a participación activa; a análise crítica. | 1 |
| Estudo de casos | B4 C6 | Avaliaranse: a asistencia a clase; a participación activa; a capacidade de traballo en grupo; a procura de documentación; a análise crítica. | 9 |
| Presentación oral | B5 B6 C1 | Avaliaranse: a asistencia a clase; a participación activa; a redacción das respostas ás cuestións expostas polo profesor nun caso práctico; a procura de documentación. | 10 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|---|

<p>Avaliarase ao alumno a través do exame da Parte xeral que terá lugar en xaneiro de 2015; o exame será tipo test, e a nota obtida no mesmo representará o 70% da cualificación global de a materia "Políticas e liberdades". Así mesmo, na medida en que o profesor pida por escrito e devolva corrixidos os casos prácticos, tamén serán tidos en conta na cualificación global da materia, que representarán o 20% da mesma. O obxectivo non é pór a proba a capacidade memorística do alumno, senón a súa visión xeral. Así mesmo, valorarase a súa capacidade crítica e de reflexión. A materia corresponderase, en todo caso, con contidos previamente traballados en clase ... A avaliación desta participación do alumnado nas clases representará o 10% da cualificación global desta materia. Ademais, para superar esta materia sobre "Políticas e liberdades" esíxese un 80% de asistencia ás clases presenciais. </p>

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - OANTA, G.A.  (2012). "La libre prestación de servicios en la Unión Europea: ¿un proyecto de integración ya finalizado o todavía un proyecto en marcha?". Navarra: Ed. Aranzadi<br>- BENEYTO PÉREZ, J. M. (dir.) (2012). Tratado de Derecho y Políticas de la Unión Europea. Navarra: Aranzadi Thomson Reuters<br>- LÓPEZ ESCUDERO, M. Y MARTÍN Y PÉREZ DE NANCLARES, J. M. (coords.) (2000). Derecho comunitario material. Madrid: Ed. McGraw Hill<br>- OANTA, G.A. (2007). La Política de seguridad alimentaria en la Unión Europea. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch<br>- BACHE, I. and GEORGE, S. (2006). Politics in the European Union, 2nd ed. . Oxford: Oxford University Press<br>- OANTA, G.A. (2007). "Some normative and institutional developments in the field of common agricultural policy and their consequences on the protection of the europeans citizens' interests". Bucarest: Romanian Journal of European Affairs<br>Dado que esta Materia organízase mediante a participación de numerosos especialistas, os principais recursos serán os que vaian indicando os propios profesores.Neste sentido, os materiais (guións, casos prácticos, lexislación, xurisprudencia, indicacións biográficas) proporcionados por cada profesor serán colgados na plataforma Moodle ou enviados aos correos electrónicos dos alumnos. |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| A acción exterior da Unión Europea/612847201<br>Dereito comunitario do mar/612847205<br>Traballo Fin de Master/612847220 |
| **Observacións** |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**